# BOLETÍN 2

# PONTEaORIENTAR2021

## 8ª Proba da XXX Liga Galega de Orientación a Pé

## CAMPIONATO GALEGO DISTANCIA MEDIA

----------------------------------

## 4ª Proba da I Liga Galega de Trail Orientación

## O Grove 27 novembro 2021



**Organizan:** AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo · fegado Federación Galega de Orientación · fedo Federación Española de Orientación

**Colaboran:** Ilmo. Concello O Grove · Deputación Pontevedra · Concello de Pontevedra · Deporte Pontevedra

Xunta de Galicia · Deporte Galego · LaLiga4Sports LaLiga con el Deporte Español · Consejo Superior de Deportes · Chema Sport

Hotel Avenida Pontevedra · Acuña · Vehículos Comerciales | Vepersa

## *Información Xeral*

Organízase a 8ª proba da XXX Liga Galega de Orientación a Pé 2021 qué será Campionato Galego de Media Distancia, e máis a 4ª proba da I Liga Galega de Trail-O, formando o conxunto das dúas o PonteaOrientar2021.

As probas serán organizadas polo **Club AROMON** de Pontevedra o día 27 de Novembro de 2021.

Dita competición é oficial, pertencendo á Federación Galega de Orientación (FEGADO). A competición terá lugar no concello de **O Grove.**

Debido á situación derivada do COVID non haberá entrega de trofeos, así como tampouco avituallamento en meta.

ILMO. CONCELLO
O Grove

## *Centro de Competición*

O Centro de Competición estará situado no Centro Vacacional da Lanzada, nas Coordenadas 42º27'31''N 8º52'58''W, con fácil acceso e amplia zona de aparcamento público na PO-317 e nos aparcamentos da Praia de A Lanzada.

Ubicación: https://goo.gl/maps/rCuZbZgkBEhTWqcu5

As autocaravanas deberán aparcar obrigatoriamente no aparcamento central da Praia de A Lanzada.

Ubicación: https://goo.gl/maps/MKJN9q7pBtJqf2au7

Non haberá dispoñibilidade de duchas nin WC. Nas proximidades do centro de competición hai servicio de restauración.

Haberá resultados online na plataforma liveresultat: https://liveresultat.orientering.se/followfull.php?comp=21234&lang=es

AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo




## *Programado evento*

| ***DOMINGO 21 NOVEMBRO*** |
|---|
| Finaliza a inscrición ás 23:50. |

| ***XOVES 25 DE NOVEMBRO*** |
|---|
| Publicación das horas de saída. |

| ***SÁBADO 27 DE NOVEMBRO*** |
|---|
| **9:00**Apertura de Secretaría. Entrega de dorsais de reposición e SPORTident |
| **9:40** Chamada dos primeiros orientadores |
| **10:00** Saída dos primeiros orientadores da media distancia de o-pé |
| **14:00** Peche de meta da media distancia de O-pé |
| **14:30** Saída dos primeiros orientadores de Trail-O |
| **17:45** PechedemetadeTrail-O(PostadeSol18:03) |

## Competición

O clube AROMON de Pontevedra organiza a 8ª proba da XXX Liga Galega de Orientación a pé e a 4ª proba da I Liga Galega de Trail-O.

A 8ª proba de O-Pé será campeonato galego de media distancia, sendo unha proba con **percorridos lineais.**

A proba de Trail-O será en formato Pre-O, con saída individual e una primeira probade controis cronometrados. A partir de ahí, continuará un percorrido lineal con controis normais. O participante terá que seguir en todo momento o trazado marcado no mapa.

O resultado da proba de Trail-O virá determinado polas respostas acertadas no percorrido lineal, en caso de empate de puntuación, a clasificación virá determinada pola puntuación acadada na proba cronometrada.

## Normativa Aplicable

A competición estará regulada por:

1. Regulamento de Orientación FEGADO 2021.
2. ANEXOS do anterior regulamento citado.
3. Normas Anuais FEGADO O-PE 2021
4. Normas Anuais FEGADO Trail-O 2021

Para o non contemprado, aplicaranse as Normas Xerais da FEDO e IOF.

A contorna da proba está en zona protexida medioambientalmente ZEC "Complexo Ons-OGrove", esíxese un respeto escrupuloso das normas e o cumplimento das obrigacións e prohibicións reguladas.

Normas da proba:

1. Será obrigado levar visible por diante o dorsal oficial da Liga Galega de Orientación a Pé 2021.
2. No caso de que un participante se presente sen dorsal oficial non poderá tomar a saída, a organización porá a disposición dos participantes dorsais oficiais en branco no evento da web FEGADO, na secretaría (ao precio de 1€) o día da proba.
3. A proba traballará baixo o Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO de FEGADO na súa

especialidade de Orientación a Pé en bosque, validado pola Secretaría Xeral para O Deporte con data 15/10/2020. Publicaránse recomendacións relativas á observación e cumprimento do Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO así como en materia de seguridade e saúde en boletíns complementarios.

4. Os orientadores participan baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de Orientación a pé.
5. Os clubes serán os responsables de inscribir a os menores de idade nun percorrido adecuado para o seu nivel físico e técnico.
6. Deberase levar únicamente como instrumento de orientación e medida o compás.
7. Todas as persoas participantes nunha proba de Orientación deberán mostrar respeto cara os demais competidores, organizadores e espectadores. Así como respetar a propiedade privada, os cultivos e as zonas de protección medioambiental.
8. Todo competidor deberá prestar axuda a outro se o ve mancado.
9. Todo orientador debe respetar a sinalización da carreira e as balizas-control. A pérdida da tarxeta de control ou o non paso por todos os controis será motivo de descalificación.
10. En caso de abandono, será obrigado presentarse na meta e descargar SPORTident.
11. Tanto organizadores como competidores estarán obrigados a respetar o medio natural segundo as indicaciones específicas que se publiquen en boletíns complementarios.
12. **Farase especial vixiancia no respeto as zonas marcadas como prohibidas no mapa por parte da organización con persoal habilitado como xuiz auxiliar.** As zonas do mapa prohibidas en cor maxenta teñen especial protección medioambiental, non respetar esas prohibicións supón a **descalificación** da proba, os trazados están pensados para non ter que cruzalas.
13. Convivencia con outros deportes (CAZA): Na mesma zona e o mesmo día está autorizada unha batida de xabarín. A caza cede a zona pola mañan para o desenvolvemento da carreira de distancia media e a orientación cede a zona pola tarde para o desenvolvemento da batida de xabarín. Polo que é sumamente importante descargar a tarxeta sportident a o finalizala carreira, ainda que non se complete o percorrido, e respectar escrupulosamente a hora depeche da meta. É

posible que atopemos pola mañán algún cazador con un can atado na busca de rastros. A zona de Trail-O por estar próxima á carretera non interfire coa zona de caza.

14. Será obrigado levar mascarilla cubrindo boca e nariz no centro de competición, presaída e saída, así coma en todo o percorrido da proba de Trail-O. Na proba de O-Pé poderase retirar no momento no que a organización o indique e volverase a colocar unha vez cruzada a meta.

## *Categorías*

Os competidores, con licencia federativa vixente, agruparanse nas seguintes categorías na proba de O-Pé:

| CATEGORÍA | ANO DE NACEMENTO |
|---|---|
| M-12,F-12 | 2009-2010 |
| M-14,F-14 | 2007,2008 |
| M-16,F-16 | 2005,2006 |
| M-18,F-18 | 2003,2004 |
| M-21,F-21 | Sen límite de idade |
| E,F-E | Sen límite de idade |
| M-35,F-35 | 1986 e anterior |
| M-40,F-40 | 1981 e anterior |
| M-45,F-45 | 1976 e anterior |
| M-50,F-50 | 1971 e anterior |
| M-55,F-55 | 1966 e anterior |

A consecuencia da situación actual derivada polo COVID non será posible a participación en categorías non oficiais de Iniciación Curta e Iniciación Longa.

Na proba de Trail-O contaremos con dúas categorías:

| CATEGORÍA | ANODE NACEMENTO |
|---|---|
| Élite | Sen límite de idade, sexo ou condición física. |
| Paralímpica | Sen límite de idade, sexo ou condición física. Necesario ter en vigor o Certificado de Elexibilida de da IOF. |

## *Cronometraxe*

Será obrigada a utilización do **sistema de cronometraxe electrónico SportIdent** en todas as categorías da proba de O-Pé. Polo tanto, terase que sinalar o nº de tarxeta SI que se utilizará ou ben solicitar o alugueiro da mesma ao realizar a inscrición.

As estacións estarán programadas para o uso das **tarxetas SIAC** no **modo activo AIR+**.

A competición de Trail-O funcionará con pinza tradicional.

A organización disporá de tarxetas SIAC para todo orientador que o solicite, en concepto de aluguer, para favorecer a igualdade na competición.



AROMON
Pontevedra
Montañeiros A Roelo

# *INFORMACIÓN TÉCNICA*

## Lugar de competición




A competición terá lugar no concello de **O Grove**, no mapa de Siradella.

## Mapas

| *DISTANCIAMEDIA/TRAIL-O:"SIRADELLA"* | |
|---|---|
|  | **Localidade**: O Grove<br>**Cartógrafo**: Iván Mera (2015)<br>**NºRexistro FEDO:** PO-1728-15<br>**Escala:**1:7500<br>**Equidistancia:**5m |

## Descrición do terreo

| DISTANCIAMEDIA/TRAIL-O: "SIRADELLA" |
|---|
| Terreo de piñeiral areoso que combina zonas abertas ou semiabertas de desnivel suave e carreira moi rápida con ladeiras de forte pendente e presenza de elementos rochosos. Carreira rápida en xeral, pero esixente físicamente.<br>Na proba de Trail-O aproveitarase o carril peonil perimetral ao mapa. |





## Táboa de percorridos

| Trail-O | |
|---|---|
| Escala | 1:4000 |
| Distancia | 1,1 km |
| Desnivel | 20 m |
| Controis | 17 orden lineal |
| | 1 Cronometrado: 3 desafíos |
| Tempo límite | 85 minutos |

AROMON
Pontevedra
Montañeiros A Roelo

| O-Pe. Categoría | Escala | Distancia (km) | Desnivel (m) | NºControis | Saída |
|---|---|---|---|---|---|
| F-12 | 1:7500 | 1,2 | 25 | 9 | 2 |
| F-14 | 1:7500 | 1,5 | 95 | 13 | 1 |
| F-16 | 1:7500 | 1,9 | 110 | 15 | 1 |
| F-18 | 1:7500 | 2,4 | 150 | 16 | 1 |
| F- 21B | 1:7500 | 1,9 | 110 | 15 | 1 |
| F-21A | 1:7500 | 2,6 | 155 | 19 | 1 |
| F-E | 1:7500 | 3,2 | 205 | 21 | 1 |
| F-35 | 1:7500 | 2,6 | 130 | 21 | 1 |
| F-40 | 1:7500 | 2,3 | 125 | 19 | 1 |
| F-45 | 1:7500 | 1,8 | 110 | 14 | 1 |
| F-50 | 1:7500 | 1,8 | 90 | 13 | 1 |
| F-55 | 1:7500 | 1,5 | 80 | 12 | 1 |
| M-12 | 1:7500 | 1,2 | 25 | 9 | 2 |
| M-14 | 1:7500 | 2,2 | 115 | 15 | 1 |
| M-16 | 1:7500 | 2,4 | 145 | 15 | 1 |
| M-18 | 1:7500 | 2,7 | 180 | 20 | 1 |
| M-21B | 1:7500 | 2,4 | 145 | 15 | 1 |
| M-21A | 1:7500 | 2,9 | 185 | 20 | 1 |
| E | 1:7500 | 3,8 | 250 | 23 | 1 |
| M-35 | 1:7500 | 3,5 | 225 | 22 | 1 |
| M-40 | 1:7500 | 3,1 | 175 | 20 | 1 |
| M-45 | 1:7500 | 2,7 | 170 | 18 | 1 |
| M-50 | 1:7500 | 2,5 | 110 | 17 | 1 |
| M-55 | 1:7500 | 1,8 | 100 | 15 | 1 |

Haberá unha presaída de - 20 min, localizada no centro de competición. Distancia a S1: 1.200 m e a S2: 625 m sen apenas desnivel.

## Zona Prohibida

Lémbrase que está **prohibido o acceso ao terreo de competición** dende o momento no que se declara a súa utilización para esta proba a través do presente boletín **(artículo17.2 do Reglamento de Orientación FEGADO).**

**Polo tanto prohíbese o acceso á zona de competición sinalada**, na cal terán lugar as probas.




# INSCRICIÓNS

## Prazos

**Data fin de inscricións:** Domingo 21 de Novembro ás 23:50

Só se contemprarán peticións de saída por causa xustificada e como máximo ata a data de fin de inscricións. Solicitudes a opie@aromon.es

## Procedemento

No sistema de inscricións da FEGADO: https://intranet.fegado.es

AROMON
Pontevedra
Montañeiros A Roelo

## Prezos

| FEDERADOS | | |
|---|---|---|
| CATEGORÍAS | MEDIA | TRAIL-O |
| F/M-18 e inferiores | 7€ | 3,5€ |
| Resto de categorías | 10€ | 3,5€ |

| SERVICIOS EXTRA | PRECIO |
|---|---|
| Alquiler SI/SIAC | 3€ |
| Cambio nº pinza fora de prazo | 3€ |
| Cambio nº de pinza descarga en meta | 5€ |

## Pago

As inscricións non se considerarán formalizadas ata a realización do ingreso bancario, o cal se acreditará enviando unha copia do xustificante da transferencia, á dirección de correo electrónico: aromon@aromon.es

Os clubes serán os responsables do pagamento das inscricións dos seus socios, realizarán un único ingreso bancario co importe total e como concepto figurará "**Siradella+nomedoclube**"."

Datos bancarios: Para solicitar factura: aromon@aromon.es

Beneficiario:**ClubAROMON**

Banco:**CAIXARURALGALEGA**

IBAN: **ES2730700047936264950129**

COD.BIC/SWIFT:**BCOEESMM070**

# EQUIPO DE ORGANIZACIÓN

***Organiza:*** Club AROMON Pontevedra

***Directora da Proba:*** Teresa Bellón Santos

***Director Técnico:*** Ángel Álvarez Serto

***Responsable de Saídas:*** Carlota Veiga García

***Delegado de campo COVID:*** Ricardo Figueroa Fernández

***Equipo de Campo:*** Adrián Moreira Alonso

***Director de Logística:*** Manuel Beloso García

***Técnicos SportIdent:*** Mónica Figueroa Leiro

***Xuíz Controlador:*** Alfonso Rosado Frade

***Xurado técnico:*** Designado polo Xuíz Controlador, publicarase na web FEGADO, na correspondente ficha de ARBITRAXE.

## Contacto

**Secretaría e Pagos:** aromon@aromon.es

**Teléfono:** +34609713464 (Venres laborais 20:00-21:30)

**Web:** www.aromon.es

## Redes Sociais

| FACEBOOK | INSTAGRAM |
|---|---|
| @aromonpontevedra | @aromonpontevedra |